

De acordo co previsto na base sexta da Resolución de 27 de xullo de 2010, da Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, pola que se convoca o concurso-oposición libre para o ingreso nas diversas clases de persoal sanitario funcionario ao servizo da Comunidade Autónoma incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, de 23 de outubro, o tribunal cualificador do concurso-oposición da clase de FARMACÉUTICOS INSPECTORES DE SAÚDE PÚBLICA, acordou anular as preguntas nº 24, 38, 40, 51, 66, 90 e 104 do primeiro exercicio da fase de oposición substituíndoas polas preguntas nº 101, 102, 103, 105, 106 e 107. A anulación das preguntas indicadas baséase na seguinte motivación:

Pregunta 24

Apréciase unha incoherencia entre o enunciado e o contido das respostas. O enunciado fai referencia ao Anexo I do Decreto 13/2004, do 15 de xaneiro, polo que se establecen os requisitos técnicos e condicións sanitarias mínimas aplicables ás prácticas de tatuaxes, micropigmentacións e piercing. As respostas non están relacionadas co citado anexo onde se reflicten métodos de esterilización e desinfección.

Pregunta 38

Non existe ningunha resposta correcta. A opción dada polo Tribunal --D)-- é errónea ao indicar "as disposicións administrativas de carácter particular", cando debería sinalar "as resolucións administrativas de carácter particular", tal e como reflicte textualmente o artigo 42 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro.

Pregunta 40

A interpretación do enunciado da pregunta pode dar lugar á existencia de dúas respostas correctas, a A) e maila C), xa que a EFSA é un órgano de referencia científico independente e ten entre as súas funcións a de asesorar a distintos organismos ou institucións, entre elas, a Comisión.

Pregunta 51

O enunciado da pregunta dá pé a interpretacións diversas sobre a materia obxecto da pregunta, dificultando así a elección da resposta a escoller. O termo "competencia propia" das Cortes Xerais non existe no texto da Constitución Española de 1978.

Pregunta 66

A pregunta pode ter dúas respostas correctas: B) e C).

Pregunta 90

Hai un erro no enunciado da pregunta que provoca que todas as respostas sexan incorrectas.

Pregunta 104

A pregunta pode ter dúas respostas correctas: A) e B)

O Presidente do Tribunal,
Ramón Martínez Blanco

